

Dereito de reunión

O dereito de reunión é un dereito sindical básico dos traballadores e traballadoras. Na función pública están lexitimados para convocar unha reunión:

- As organizacións sindicais, directamente ou a través dos delegados e delegadas sindicais.
- Os Delegados e as delegadas de persoal.
- As Xuntas de persoal.
- Calquera grupo de funcionarios e funcionarias, sempre que o seu número non sexa inferior ao 40% do colectivo convocado.

Cando as reunións teñan lugar dentro da xornada de traballo a convocatoria deberá referirse á totalidade do colectivo.

Serán requisitos para convocar unha reunión os seguintes:

- Comunicar por escrito a súa celebración cunha antelación de dous días hábiles.
- Indicar no escrito a hora e o lugar de celebración, a orde do día e os datos dos asinantes.

En todos os centros de traballo deberán existir lugares axeitados para a exposición, con carácter exclusivo, de calquera anuncio sindical.



Normativa:

Capítulo V da Lei 9/1987, de organismos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal.